

EXEMPLO DE COMENTARIO DE TEXTO NARRATIVO

Marisa, corazón, ponnos algo de beber para que saia ben a esquila. ¡Que cousas tes!, exclamou ela. Non fagas esas bromas. O reposteiro Sousa ía negarse pero decatouse de que sería un erro rexeitar un grolo. O corpo estáballo a pedir dende había horas, o grolo, o maldito grolo, estáballo a pedir des que se erguera e, naquel intre, soubo que dera cun deses feiticeiros que le na mente dos demais. ¿Non será vostede un señor Hache-Dous-O? Non, dixo el seguindo a ironía, o meu problema non é precisamente a auga.

O lapis do carpinteiro, Manuel Rivas, 1998.

A continuación comentaremos este fragmento do libro *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas, publicado en 1998 e, pouco despois, foi levado ao cinema por Antón Reixa. O texto é unha historia de amor en plena guerra civil española. Con el, Rivas súmase aos autores e autoras (María Xosé Queizán, Francisco Castro, Eva Mejuto...) que, a partir dos 90, escribiron sobre a memoria histórica, até convertila nun dos temas máis importantes da narrativa galega de fins de século XX e principios do XXI.

Esta temática xa fora tratada polos autores galegos exiliados que, desde a diáspora, retrataron a barbarie da guerra e as consecuencias da posguerra e a ditadura. Mais en Galiza, houbo que esperar décadas, até moito despois da morte de Franco, para atopar textos sobre a mesma. E este é un deles.

No fragmento atopamos dous homes e unha muller falando de escribir unha esquila e de como o alcohol é para un deles un antídoto. A conversa, malia que pola temática puidera parecer seria e trascendente, desenvólvese nun clima de ironía. A escrita de Rivas é unha escrita sinxela na forma, mais tremendamente profunda no fondo. Os personaxes adoitan aparecer retratados con humanidade, deixando ao descuberto os seus medos, as súas debilidades, como acontece neste caso.

No tocante á forma do texto, atopamos un galego normativo, mais previo á reforma de 2003 (aparecen exclamacións e interrogacións ao principio), como lle corresponde á época na que foi escrito. O fragmento comeza introducindo a fala dos personaxes en estilo directo, aínda que sen guión, para logo dar paso ao narrador omnisciente (xa que tamén sabe o que pensan e senten os personaxes), e rematar coa fala dos personaxes.